Forxa!
Colectivo Marxista-Leninista



***[GALICIAN, Galego, Γαλικίας]***

Desde Galiza, as e os comunistas organizados en FORXA!, queremos facer chegar o noso máis sincero e fraternal saúdo a toda a militancia do KKE con motivo do seu 19º Congreso.

Seguimos con especial atención todas e cada unha das súas análises con respecto á crise estrutural e sistémica do capital, e tamén sobre o desenvolvemento da loita clasista.

Non podemos concordar máis cos seus acertados plantexamentos, pois tamén son os nosos.

Queremos destacar a súa implacábel loita contra o reformismo, e o xeito que teñen de explicarlles ás clases traballadoras que o que está en tea de xuízo é a totalidade do sistema capitalista, na súa fase terminal, e que non é un simple problema de xestión, como insisten en sinalar distintos redutos oportunistas e reformistas, lacaios e defensores da oligarquía e os monopolios.

Debemos reforzar a unidade e a loita de clase, en contraposición aos “cantos de serea” que confunden ao pobo traballador chamando a unha “unidade de esquerda”, onde parece que todo vale, e pretenden plantexar saídas á crise dentro do marco do propio capitalismo.

En Galiza tamén se constituíu unha “Syriza galega” (AGE), inspirada na grega, que apareceu nas últimas eleccións e obtivo moi bos resultados.

As argumentacións esgrimidas por todas estas forzas reformistas, tanto en Grecia como en Galiza, no estado español e no conxunto dos países da Unión Europea, non fan máis que promover a colaboración de clases e a paz social. Estas forzas tan só pretenden “reformar” o capitalismo, “democratizalo”, “humanizalo”, non optan pola ruptura das unións imperialistas, senón por unha “Europa máis social e dos pobos“.

Valoramos moi positivamente o gran esforzo do KKE no fortalecemento do Movemento Comunista Internacional, e concretamente na creación dun polo de Partidos Comunistas e Obreiros que acreditan no marxismo-leninismo e na estratexia revolucionaria, partidos que hoxe están a organizar diferentes encontros internacionais e elaboran a Revista Comunista Internacional, valiosa e indispensábel ferramenta para establecer unha liñacomún de loita contra o capitalismo, así como para agrupar ao proletariado internacional baixo a bandeira revolucionaria da loita polo Poder Obreiro e o Socialismo.

Sen dúbida ese duro traballo dará os seus froitos!

A cadea imperialista rompe polo seu elo máis feble, e neste caso a clase obreira grega ten moita sorte de dispor dun Partido Comunista exemplar e consolidado, que practica á perfección crítica e autocrítica, que comprende perfectamente cales son as problemáticas do pobo causadas pola crise de sobreprodución, que

elabora con gran claridade as liñas tácticas e estratéxicas que require a situación actual...

Desexamos ferventemente que a Clase Obreira grega, xunto co resto de sectores populares empobrecidos, continúen engrosando as fileiras do Partido Comunista e sigan contribuíndo á súa férrea implantación en cada vez máis fábricas, en todos os sectores e centros de traballo, en todos e cada un dos barrios.

Valoramos de xeito exemplar o traballo que está a realizar o KKE, xunto coa PAME, KNE, PASY, PASEVE, OGE e MAS, e desexamos que continúen traballando nesta dirección, pois alén de orientar a loita anticapitalista e antimonopolista en Grecia, hoxe xa son un exemplo para todos os pobos de Europa, e tamén do mundo.

Que saiban que en Galiza, no noso modesto colectivo comunista, sempre atoparán a uns camaradas cos que, dentro das nosas limitacións, poden contar para a reconstrución do Movemento Comunista Internacional e a loita polo Socialismo-Comunismo.

Desexamos que saian aínda máis reforzados do seu 19º Congreso.

**FORZA AO KKE!**

**VIVA A LOITA DA CLASE OBREIRA!**

**LONGA VIDA AO MARXISMO-LENINISMO!**

***Colectivo marxista-leninista FORXA!***
Galiza, 4/4/2013

www.aforxa.blogspot.com

======

***[SPANISH, Español, ισπανικά]***

Desde Galiza, las y los comunistas organizados en FORXA!, queremos hacer llegar nuestro más sincero y fraternal saludo a toda la militancia del KKE con motivo de su 19º Congreso.

Seguimos con especial atención todos y cada uno de sus análisis con respecto a la crisis estructural y sistémica del capital, y también sobre el desarrollo de la lucha clasista.

No podemos estar más de acuerdo con sus acertados planteamientos, pues también son los nuestros.

Queremos destacar su implacable lucha contra el reformismo, y la manera que tienen de explicar a las clases trabajadoras que lo que está en tela de juicio es la totalidad del sistema capitalista, en su fase terminal, y que no es un simple problema de gestión, como insisten en señalar distintos reductos oportunistas y reformistas, lacayos y defensores de la oligarquía y los monopolios.

Debemos reforzar la unidad y la lucha de clase, en contraposición a los “cantos de sirena” que confunden al pueblo trabajador llamando a una “unidad de izquierda”, donde parece que todo vale, y pretenden plantear salidas a la crisis dentro del marco del propio capitalismo.

En Galiza también se ha constituido una “Syriza galega” (AGE), inspirada en la griega, que apareció en las últimas elecciones y obtuvo muy buenos resultados.

Los argumentos esgrimidos por todas estas fuerzas reformistas, tanto en Grecia como en Galiza, en el Estado Español y en el conjunto de los países de la Unión Europea, no hacen más que promover la colaboración de clases y la paz social. Estas fuerzas tan sólo pretenden “reformar” el capitalismo, “democratizarlo”, “humanizarlo”, no optan por la ruptura de las uniones imperialistas, sino por una “Europa más social y de los pueblos“.

Valoramos muy positivamente el gran esfuerzo del KKE en fortalecer el Movimiento Comunista Internacional, y concretamente la creación de un polo de Partidos Comunistas y Obreros que creen en el marxismo-leninismo y en la estrategia revolucionaria, partidos que hoy están organizando diferentes encuentros internacionales y elaboran la Revista Comunista Internacional, valiosa e indispensable herramienta para establecer una líneacomún de lucha contra el capitalismo, así como para agrupar al proletariado internacional bajo la bandera revolucionaria de la lucha por el Poder Obrero y el Socialismo.

¡Sin duda ese duro trabajo dará sus frutos!

La cadena imperialista rompe por su eslabón más débil, y en este caso la clase obrera griega tiene mucha suerte de disponer de un Partido Comunista ejemplar y consolidado, que practica a la perfección la crítica y autocrítica, que comprende perfectamente cuáles son las problemáticas del pueblo causadas por la crisis de sobreproducción, que elabora con gran claridad las líneas tácticas y estratégicas que requiere la situación actual...

Deseamos fervientemente que la Clase Obrera griega, junto con el resto de sectores populares empobrecidos, continúen engrosando las filas del Partido Comunista y sigan contribuyendo a su férrea implantación en cada vez más fábricas, en todos los sectores y centros de trabajo, en todos y cada uno de los barrios.

Valoramos de manera ejemplar el trabajo que está realizando el KKE, junto con la PAME, KNE, PASY, PASEVE, OGE y MAS, y deseamos que continúen trabajando en esta dirección, pues más allá de orientar la lucha anticapitalista y antimonopolista en Grecia, hoy ya son un ejemplo para todos los pueblos de Europa, y también del mundo.

Que sepan que en Galiza, en nuestro modesto colectivo comunista, siempre encontrarán camaradas con los que, dentro de nuestras limitaciones, pueden contar para la reconstrucción del Movimiento Comunista Internacional y la lucha por el Socialismo-Comunismo.

Deseamos que salgan aún más reforzados de su 19º Congreso.

**FUERZA AL KKE!**
**VIVA LA LUCHA DE LA CLASE OBRERA!**
**LARGA VIDA AL MARXISMO-LENINISMO!**

***Colectivo marxista-leninista FORXA!***
Galiza, 4/4/2013

www.aforxa.blogspot.com

=================

***[ENGLISH, Inglés, Αγγλικά]***

From Galiza, the organised communists in **FORXA!**, want to reach you with our most sincere and fraternal salute to all of the militancy in KKE on their 19th Congress.

We follow with special attention all and every one of your analyses respecting the systemic and structural crisis of the capitalism and also about the development of the class struggle.

We couldn´t agree more with your successful approaches, because they are also ours.

We want to highlight your implacable fight against reformism, and the way that you explain to the working classes that what is questioned is the totality of the capitalist system, in it´s terminal stage, and it´s not just a simple problem of management, as some stronghold opportunists and reformists insist to point out, lackeys and defenders of the oligarchy and monopoly's.

We must strengthen the unity and class fight, against the "nice sounding lies" that confuse the working people calling a "left unity", where it seams that all goes and plan to find a way out of the crisis inside capitalism.

In Galiza there are a "galician Syriza" (AGE), inspired in the Greece, that appeared in the last elections and obtained very good results.

The wielded arguments by all of the reformists, in Greece as in Galiza, in the spanish state and the whole of the european countries, don´t do anything else than promote the collaboration of classes and social peace. These only pretend to "reform" capitalism, "democratize" , "humane it", they don´t opt for the breaking of the imperial unions, but for a "more social Europe and of the people".

We value very positively the great effort of the KKE in strengthening the International Communist Movement and especially the creation of a pole of Communist and Workers´ Parties that believe in Marxism-Leninism and the revolutionary strategy, parties that today are organizing different international meetings and make the *International Communist Review*, valuable and indispensable tool to establish a common line of fight against capitalism, like to group the international proletariat underneath the revolutions flag of the fight of working power and socialism.

No doubt that this work will give it´s light!

The imperial chain breaks because of it´s weakest link and in this case the Greek working class is very lucky of having an exemplary and consolidated communist party, that puts in to practice perfectly criticism and self-criticism, that perfectly understands which are the problems of the people, caused by the overproduction crisis, which elaborates with great clarity the tactical lines and strategies that the actual situation requires now...

We hope fervently that Greek working class, together with the popular poor sectors, continue thickening the communist lines of the communist party and continue contributing in it´s increasingly implementing factories, in all sectors and working centers, in each and every neighborhood.

We value in an example way the work that the KKE is doing, together with PAME, KNE, PASY, PASEVE, OGE and MAS, and we wish you that you keep on working in this direction, because further than orientating the anti-capitalist/anti-monopolist fight in Greece, today you already are and great example for all the people in Europe and also in the world.

To let you know that in Galiza, in our modest communist group, you will always find comrades with whom you can, with our limitations, count on for the reconstruction of the International Communist Movement and the fight for Socialism-Communism.

We hope that you will be even stronger after your 19th Congress.

**STRENGHT TO THE KKE!**
**CHEER THE STRUGGLE OF THE WORKING CLASS!**
**LONG LIVE MARXISM-LENINSM!**

***Colectivo marxista-leninista FORXA!***
Galiza, 4/4/2013

*www.aforxa.blogspot.com*